

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010
Galicia**FICHA RESUMO****CM 410A 2010/3-5**

Ano	2010
Entidade	CONFRARIA DE PESCADORES "SAN XOSE" DE CANGAS
Plan explotación⁽¹⁾	POLIJUETOS
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	A PE

Especies	<i>Hediste diversicolor</i> ; <i>Arenicola marina</i> ; <i>Lumbrineris impatiens</i> <i>Diopatra neapolitana</i>
Ambito do plan	De punta Canabal a punta Couso
Subzonas de explotación	Zona A: Costa da Vela (de punta vicia ao río de Barra) Zona B. do Con de Nerga á praia de Congorza. Zona c: da praia do Sinal á praia dos Alemáns.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	-
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Si
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
8	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		100 (do 16 de marzo ao 29 de outubro)										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾												
Modalidade ⁽³⁾ :												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
		x	x	x	x	x	x	x	x	x		

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (indiv/mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/habilitación
<i>Hediste diversicolor</i>	800	-	-
<i>Arenicola marina</i>		-	-
<i>Lumbrineris impatiens</i>		-	-
<i>Diopatra neapolitana</i>		-	-

Artes a empregar	Sacho ou forquita
-------------------------	-------------------

Puntos de control	Zonas de produción e lonxa de Cangas
Puntos de venda	Lonxa de Cangas



Outras consideracións ⁽⁹⁾

Antecedentes: Para o ano 2007 foi aprobado un plan de explotación para a extracción de poliquetos na modalidade de a pé que finalmente non se desenvolveu ningún día.

Ambito do plan: para a extracción na da Costa da Vela, con protección medioambiental por estar incluída dentro dos límites da Zona de Especial Protección dos Valores Naturais da Costa da Vela; precísase informe favorable da Consellería do Medio Rural. Deberanse respectar as limitacións que se poidan establecer no informe que emita a Consellería de Medio Rural sobre a autorización previa para desenvolver o plan de explotación para o ano 2010 .

Participantes: a confraría de Cangas non conta con ningún asociado que estea en posesión do permiso de explotación de poliquetos nin tampouco o permiso de explotación de marisqueo a pé. Todas aquelas persoas que queiran dedicarse á extracción de poliquetos deberán figurar nun plan de explotación e estar en posesión do permiso de explotación de poliquetos, segundo o regulado no Decreto 425/1997, do 17 de decembro. Ademais, a Orde do 18 de abril de 2006 pola que se regulan os plans de explotación específicos para poliquetos e se aproban os plans de explotación de poliquetos no litoral de Galicia para o ano 2006, na súa disposición adicional primeira aclara este aspecto e engade ademais que para a extracción a pé será suficiente o permiso de explotación para marisqueo a pé ou o permiso de explotación específico para poliquetos que só o habilitará para a extracción destas especies.

Dado que este é un plan de nova creación e non se achegou información algunha sobre a posible evolución das zonas de extracción nin das poboacións a explotar de cara a valorar o esforzo que se podería aplicar sobre estes recursos conleva ser cautelosos á hora de propor o esforzo pesqueiro para este primeiro ano. Por esta razón, consideráse aceptable un número de 8 permisos.

Xestión da explotación: No plan presentado divídese o ámbito territorial da confraría en tres zonas de extracción, aínda que non determina se serán explotadas de xeito rotativo ou simultaneamente.

Puntos de control: Deberán elaborar as normas de funcionamento dos puntos de control e designar ás persoas responsables. Ademais, deberán especificar que puntos de control funcionarían en cada zona.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao Departamento Territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.